

A CATEDRAL DE REIMS: comentario artístico

DATOS TÉCNICOS DA OBRA

AUTORES: nas obras sucedéronse **catro arquitectos** (Jean d'Orbais, Jean-le Loup, Gaucher de Reims e Bernard de Soissons).

CRONOLOXÍA: a maior parte da catedral levantouse no **século XIII**, con obras posteriores.

LOCALIZACIÓN: Reims (Francia)

ESTILO: **arquitectura gótica**



CONTEXTO CULTURAL E ARTÍSTICO.

O estilo Gótico desenvólvese entre **mediados do s.XII e o s.XV**. O Gótico coincide co final da Alta Idade Media e co desenvolvemento da Baixa Idade Media, contemplando unha serie de importantes **cambios** e transformacións na vida civil, económica e relixiosa: a puxanza económica da **burguesía** como grupo social; o renacer e o **desenvolvemento urbano**; unha tímida **secularización**; un maior **interese polo ser humano e a natureza**, ou o nacemento das **universidades**, entre outros trazos. O Gótico, a diferenza do Románico, será esencialmente un estilo **urbano** e que potenciaría o **realismo** e o **naturalismo**.

A **arquitectura** gótica introduce toda unha serie de **cambios** que permiten **furar nos muros para que irrumpa a luz** no espazo interior, empregando unha serie de elementos que non naceron todos co Gótico, xa que a maioría deles xa existían antes, pero que agora se empregan todos eles interrelacionados, o que constitúe unha auténtica innovación.

Con respecto á **planta**, segue empregándose a planta de **cruz latina**, de tres ou cinco naves, cun cruceiro destacado en planta, rodeado dunha ampla **xirola** que conta con distintas capelas radiais.

En alzado, ábrense **tribunas** e **triforios** con ventanais cada vez máis amplos. Tanto nos pés como nos extremos do cruceiro, sitúanse as fachadas coas súas portadas decoradas con esculturas, dispoñéndose ademais grandes torres coroadas e rematadas por **agullas** ou **chapiteis**, os cales tamén aparecen na torre do cimborrio. Un elemento típico destes edificios son as **vidreiras** policromas que os embelecen, así como os grandes **rosetóns** da fachada principal e do cruceiro.

Entre os principais **elementos arquitectónicos** do Gótico, caben destacar os seguintes: o **arco apuntado ou oxival**, a bóveda de **crucería** e o **arcobotante**

O Gótico convértese nun estilo **luminoso**, no que o **van triunfa sobre o muro**, xurdindo unha arquitectura **lixeira**, cun grande sentido da **verticalidade**, cunha clara simboloxía de elevación cara Deus, reflectindo unha nova concepción da divindade e unha nova concepción do mundo por parte da sociedade daquela época.

Como no Románico, o novo estilo Gótico tamén coñeceu unha serie de **etapas evolutivas**. Nun primeiro momento, a fase cisterciense (sobria e sinxela); de seguido, o **período clásico, no século XIII** (ao que pertence Reims), con arcos máis esbeltos e o uso sistemático dos arcobotantes; no XIV, o período manierista, e, para rematar, o Gótico Flamíxero no XV.

ANÁLISE FORMAL DA OBRA.

A arquitectura gótica segue sendo esencialmente relixiosa, constituindo a **catedral** o tipo de edificio máis importante e representativa deste novo estilo artístico. A catedral é o edificio emblemático e característico da arte gótica, o monumento máis típico da cultura baixomedieval. A **catedral é a igrexa da cidade**, competindo en importancia e **monumentalidade** cos templos e mosteiros románicos.

Este edificio estaba moi relacionado coa **sociedade** que os construíu, representando ademais o orgullo cidadán, o mellor expoñente da **riqueza** dunha cidade. A distinta consideración no ámbito relixioso, cunha relixión máis humana, a proliferación das ordes mendicantes, a puxanza do neoplatonismo e das ensinanzas de Santo Tomás de Aquino, etc, todo iso leva a un cambio na sensibilidade cristiá e a importantes repercusións na nova arte.

En efecto, agora Deus é como a **luz**, capaz de **traspasar os muros**, sobre todo a través das **vidrieras**, enchendo o templo de alegría e felicidade. A catedral gótica estaba concebida, pois, como un espacio cheo de **luz que simboliza a Deus**, fronte á penumbra do Románico.


Trátase dun recinto pensado para acoller a **grandes multitudes**, existindo unha auténtica rivalidade entre diferentes cidades para levantar as catedrais máis ricas e monumentais. Por último, estes edificios enriquecíanse cunha grande cantidade de obras escultóricas e pictóricas, ademais de contar cun amplo tesouro amasado gracias a múltiples donacións.

A catedral, ademais dun símbolo da **importancia da cidade** onde se contruíu, representaba tamén un proxecto cultural e económico a longo prazo, xa que aseguraba traballo para varios séculos (algunhas incluso non foron rematadas totalmente ata o s.XIX)

Construída despois das catedrais de París e de Chartres, pero antes das de Estrasburgo, Amiens e Beauvais, a **Catedral da Nosa Señora de Reims** é un dos templos góticos máis importantes de Francia, tanto pola súa extraordinaria arquitectura (foi declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1991), como pola súa riquísima decoración escultórica. Presenta a típica pranta de cruz latina, cos brazos do transepto moi pouco destacados.


Durante o Antigo Réxime e ata a Revolución Francesa, a catedral de Reims era o lugar onde tiña a consagración dos reis de Francia.

O templo gótico iniciouse no mes de maio de 1211, da man do arcebispo de Reims, Aubry de Humbert, co fin de substituír á antiga catedral carolinxia (destruída nun incencio no 1210). Cara 1275, o groso das obras xa estaba rematado, polo que a catedral case estaría completada a finais do s. XIII (coa excepción da fachada occidental, construída no s. XIV a partires dos deseños do s. XIII).




Interior da catedral.

O edificio destaca pola súa unidade de estilo. A catedral consta de **3 naves**, a central e dúas laterais. A nave central alongouse (mide case 140 m de longo por 30 de ancho) para abrir espazo para as muchedumbres que acudían ás coronacións. A altura da nave central é de 38 metros. Os transeptos tamén teñen 3 naves, un coro con dobre pasillo, e na ábsida dispónse a **xírola** e as capelas radiais.



En altura, a catedral estrutúrase en tres pisos ou niveis (arcadas que separan as naves, a **tribuna** co **triforio** e na parte superior, grandes ventanais con **vidieiras**).



Reims representa o **modelo do gótico clásico francés**, culminando o emprego dos elementos construtivos e decorativos máis importantes da arquitectura gótica (**arcos oxivais**, **bóvedas de crucería**, a gran diferenza de altura entre a nave central e as laterais, o predominio a acadar maior altura e potenciar a **verticalidade**, a progresiva supresión dos

muros dando paso a grandes ventanais con vidreiras....).

Exterior.

Destaca sobre todo a fachada occidental, onde se advirte a tendencia cara ao alto e a unificar a visión do conxunto, mediante as molduras verticais e os gabletes que cobixan as portadas, onde se desenvolve un complexo e rico programa iconográfico. A fachada principal é a parte máis destacada do exterior da catedral de Reims, e é considerada como unha das obras mestras do Gótico.

A fachada está flanqueada por dúas torres, de 81 m. de altura (estaba previsto que acadaran os 120 m no seu momento). Os brazos dos transeptos estaban flanqueadas por 4 torres, pero un incendio a finais do s. XV destruíu a cuberta do templo e as agullas das torres.

Por último, hai que destacar a riquísima decoración escultórica da catedral de Reims, xa que esta posúe máis de 2.300 estatuas, superando neste sentido ás outras catedrais europeas (a excepción da de Chartres). Os tres pórticos da fachada principal están cargados de estatuas e relevos.

O Pórtico Maior (adicado á Virxe María), ten na parte superior un rosetón enmarcado nun arco decorado con estatuas, en lugar do habitual tímpano esculpido. Destacan os grupos das xambas, onde se atopa o famoso tema da Anunciación e da Visitación (que comentaremos neste tema cando expliquemos a escultura gótica).

Enriba do rosetón e entre as dúas torres do templo atópase a chamada "Galería dos Reis, amosándose o bautismo de Clodoveo, no centro, e flanqueado por estatuas dos seus sucesores (no tesouro da Catedral gárdase un fragmento da "Sainte Ampoule" ou Santa Ampolla, que contiña o óleo sagrado co que se unxía aos reis franceses)

As fachadas do transepto tamén aparecen decoradas con esculturas (representacións dos bispos de Reims, do Xuízo Final, unha figura de Xesús, "Le Beau Dieu", os Profetas, os Apóstolos....).

Para rematar, comentar que o templo sufríu diversos avatares ao longo da súa dilatada historia, como incendios, destrozos durante a Revolución Francesa de 1789 e bombardeos alemáns na I Guerra Mundial, polo que houbo que intervir para restaurar e reparar os destrozos, aproveitándose ás veces para invitar a artistas contemporáneos (como o pintor surrealista Marc Chagall), para que deseñaran novas vidreiras para o templo, como se fixo nos anos 1970.

